



CONVENIO DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL ENTRE O CONCELLO DE CERCEDA E A SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE INTERÉS XERAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente da Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A.

DECLARA:

Que esta Sociedade ten previsto formalizar co Concello de Cerceda o instrumento convencional arriba referido con efectos dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2020.

Antecedentes

Que a Sociedade Galega do Medio Ambiente, empresa pública adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, que ten encomendada a xestión institucional dos residuos urbanos dos Concellos de Galicia que decidan xestionar os seus residuos a través desta sociedade (na actualidade 290) ten a implantación das súas instalacións principais de tratamento no Concello de Cerceda, integradas polo Complexo Medioambiental de Cerceda e o vertedoiro de Areosa.

Que ambas entidades públicas mantiveron desde fai anos diferentes convenios de colaboración que permitiron, por unha parte o completo desenvolvemento e funcionamento das instalacións que forman o núcleo principal do sistema institucional de xestión de Residuos Urbanos impulsado pola Xunta de Galicia para ofrecer unha solución integral ao resto de entidades locais da Comunidade e por outra parte permitiron o desenvolvemento de múltiples actuacións e actividades que favoreceron e favorecen o desenvolvemento en diferentes ámbitos do Concello que acolleu estas instalacións, así como o dos seus veciños.

A súa vez, SOGAMA é unha sociedade mercantil pública, dependente tamén da Xunta de Galicia, que ten encomendada a función de xestor institucional dos residuos urbanos. Ten tamén entre as súas funcións as de promover e divulgar á sociedade actuacións para que se adquiran os hábitos necesarios para implicar a sociedade na adecuada xestión dos residuos en orixe, tratando de acadar a maior reutilización dos materiais susceptibles de reutilizar, a redución de residuos e a correcta separación dos mesmos para un tratamento máis eficaz nas instalacións de SOGAMA.

Finalidade e Obxecto do Convenio

O obxecto deste convenio é a compensación ao Concello de Cerceda polas posibles molestias que a actividade industrial poida orixinar, así como a promoción da sostibilidade ambiental do concello de Cerceda, de conformidade coas orientacións dadas pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, e o desenvolvemento sostible, tanto a nivel económico como social.

Para a consecución do obxecto as actuacións principais a desenvolver son as seguintes:

- Apoio, intercambio de información e promoción iniciativas que contribúan á mellora da contorna natural do concello, optimizando os seus recursos e favorecendo a mellora da calidade de vida de todos os seus habitantes.
- Potenciación da educación, concienciación e sensibilización da cidadanía na protección do medio ambiente e a adopción de boas prácticas ambientais e saudables, mediante a financiación actividades deportivas e culturais que se promovan polo Concello, o sistema de autocompostaxe ou compostaxe doméstica
- Apoio ao desenvolvemento industrial, económico e Social do Concello
- Plan de inspeccións periódicas polos técnicos do Concello as instalacións do vertedoiro de Areosa

Fundamentación do instrumento convencional:

Ademais do contido nos antecedentes anteriormente expostos, a sinatura do convenio fundaméntase na necesidade compartida de que se siga mantendo un axeitado clima de harmonía, necesario para que sigan convivindo de forma axeitada as instalacións industriais complexas que conforman a actividade de SOGAMA, nun municipio de carácter eminentemente rural, entendendo ambas partes que o desenvolvemento sostible, tanto económico, social e medioambiental do Concello deben ir parello, sendo este o obxectivo principal deste Convenio.

Para isto SOGAMA entende que debe seguir aportando recursos ao seu alcance como cooperación para a mellora da contorna natural e social do municipio, favorecendo o seu crecemento económico, a xeración de riqueza e emprego estable, contribuíndo a mellorar a calidade de vida de todos os seus habitantes. En definitiva, que Cerceda, como concello que acolleu e acolle as instalacións principais do sistema de Xestión Institucional de Residuos Urbanos promovido pola Xunta de Galicia, siga sendo tamén referente autonómico e exemplo de desenrolo industrial e a sostible e de boas prácticas ambientais. Todo o anterior, xustifica e fundamenta sobradamente o marcado interese público, social e económico que ten e persigue a formalización deste convenio.

Por último, o convenio enmárcase nas actividades da responsabilidade social da Sociedade Galega do Medio Ambiente, sendo o negocio xurídico privado, instrumentado mediante un convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral de mecenado, regulado polo artigo 25 da Lei 49/2002 de Réxime Fiscal das Entidades sen Fins de Lucro e dos incentivos ao Mecenado.

O convenio de colaboración supón obrigas económicas para SOGAMA, cunha achega económica máxima de 2.678.850,05 euros, con cargo aos seus orzamentos, e dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2017	682.500,00 Euros
Ano 2018	682.500,00 Euros
Ano 2019	665.437,50 Euros

Ano 2020

648.375,00 Euros

Ditas cantidades calculáronse en función dunha estimación de toneladas anuais de residuos a xestionar cada ano de vixencia de convenio e o 1,25% de canon establecido de tratamento de residuos.

Ao superarse a contía establecida na Disposición adicional segunda da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia e bo Goberno, de conformidade coa mesma, é precisa a autorización previa do Consello da Xunta

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

En Cerceda, a 12 de abril de 2017

Javier Domínguez Lino
Presidente